

Mércores, 25 de outubro de 2017

Núm. 205

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### POIO

#### Persoal, oposicións

#### *MODIFICACIÓN BASES REGULADORAS ACCESO Á CATEGORÍA DE OFICIAL DE POLICÍA*

Por medio do presente faise público a modificación da base 7ª das Bases xerais do proceso selectivo para acceso á categoría de oficial Escala Básica, promoción interna (BOP 191 do 04 d outubro de 2017) que queda redactada da maneira que se detalla a seguir:

#### *FASE OPOSICIÓN*

**Primeiro exercicio.-** Constará na realización dun exercicio tipo test de 120 preguntas con 4 alternativas de resposta, referidas ao contido do temario correspondente a cada categoría de Oficial. A proba terá unha duración máxima de dúas horas. Cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:

$$N = (A - F/3) / 12$$

- Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas falladas ou non respostadas.

**Segundo exercicio.—**Consistira na resolución dun caso práctico relacionado co temario anexo, que os aspirantes terán que desenvolver no tempo máximo dunha hora. Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante o tribunal en sesión pública. Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados. Esta proba cualificarase de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado.

A puntuación final da fase de oposición de cada aspirante será a media aritmética das cualificacións de ambas as probas que se deberá ponderar segundo se establece na base seguinte.

Poio, a 19 de outubro de 2017.

O Alcalde

*Luciano Sobral Fernández*

